Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. No primeiro trimestre do ano, a economía da zona euro entrou en recesión, a cuarta vez dende a crise económica e financeira de 2008, impulsada polo comportamento da economía alemá, que representa case o 28% do seu PIB. Fronte a unha caída do 0,1% respecto ao trimestre anterior (-0,3% en Alemaña), a economía española medra un 0,6%, a metade do que o fai a economía galega (1,1%). Grazas a esta evolución, a economía española acada o seu nivel precrise, situándose a economía galega 1,2 puntos por riba do nivel precrise. En termos interanuais, o PIB galego medra un 2,8%, case punto e medio por baixo da media española (4,2%), presentando non obstante un maior dinamismo non só respecto á media europea e a zona euro senón tamén en países como Francia, Italia ou Portugal.

2. O crecemento do PIB real en Galicia baséase fundamentalmente na achega positiva da demanda externa, que contribúe con 2,6 puntos ao crecemento agregado do PIB, sendo de tan só dúas décimas no caso da demanda interna. Neste senso, o diferencial de crecemento coa economía española está na contribución da demanda interna, que no primeiro trimestre do ano ascende a 1,4 puntos, sendo de 2,8 puntos no caso da demanda externa. No primeiro trimestre de 2023 salienta o dinamismo do investimento (medra un 3,3%), o único compoñente que presenta un mellor comportamento que a media española, o que contrasta coa contracción do gasto en consumo final, tanto privado (-0,4%) como público (-0,2%). No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual do 4,7% das exportacións as compras fóra de Galicia o fan tan só nun 0,5%.

3. Dende o punto de vista da oferta, os catro grandes sectores presentan tanto en Galicia como no conxunto do Estado, taxas de variación interanual positivas, se ben existen importantes diferencias. En Galicia é o sector industrial no seu conxunto (8,9%), impulsado polas actividades do sector enerxético e as industrias extractivas, o que presenta as taxas de crecemento interanual máis elevadas, por diante da construción (4%). En España os sectores con maior crecemento son a construción e o sector servizos (5,8% e 4%, respectivamente). Cómpre mencionar o desigual ritmo de crecemento da industria manufactureira, que en Galicia é do 2,2% fronte ao 5,6% no conxunto do Estado.

4. A produtividade do tecido produtivo galego segue a ser inferior á media española, situándose por baixo do 95%, tanto en termos de horas traballadas como postos de traballo equivalente. Un dos principais problemas da economía de Galicia é a baixa produtividade rela-

tiva da industria manufactureira, que no último ano sitúase no 68,2% da media española en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e no 71,6% en termos de horas traballadas. Por contra, tan só a construción presenta unha produtividade superior á media española, situándose lixeiramente por riba no caso dos servizos se a produtividade se mide en termos de postos traballo equivalentes a tempo completo.

5. Tras un crecemento interanual do PIB do 2,8%, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos, atendendo á mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Estes datos teñen de ser matizados tendo en conta que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e mantendo (a cuarta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia no caso da taxa de paro. Ao mesmo tempo, outro aspecto destacable é que Galicia sitúase como a quinta CA con menor temporalidade.

6. As afiliacións presentan un maior crecemento interanual que no derradeiro trimestre de 2022 (1,1% e 1%, respectivamente) e a poboación ocupada medra un 1,1% respecto ao ano anterior, unha décima por baixo do estimado no trimestre anterior. Asemade, os postos de traballo equivalente a tempo completo increméntanse nun 1,2%, e as horas traballadas, un 0,5% (1,3% e 1,6% no trimestre anterior). Xunto a este datos, cómpre mencionar que o mercado de traballo en España presenta un maior dinamismo que o galego nos catro indicadores mencionados.

7. Segundo os datos da EPA, a creación de emprego rexístrase tan só entre as mulleres, e con carácter xeral, en maior medida no sector servizos, fundamentalmente no ámbito da educación; entre as persoas empresarias sen asalariadas e persoas asalariadas no sector público; entre os posúen estudios da ESO; así como entre os maiores de 45 anos e entre os de 25-34 anos, sendo todo o emprego creado emprego indefinido. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no sector industrial; entre as persoas traballadoras con estudios superiores; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos. No que ao desemprego se refire, a pesar do descenso experimentado as taxas de paro reflicten que este afecta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios. Por último, mención especial require o incremento da poboación activa de 25-34 anos, ao igual que acontecera no mesmo trimestre do ano anterior.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xuño 2023

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia no primeiro trimestre de 2023

A economía da zona euros entra en recesión técnica no primeiro trimestre do ano ao encadear dous trimestres consecutivos con taxas de variación intertrimestrais negativas (-0,1% nos dous últimos trimestres). Cinco países da zona euros euro sofren esta recesión, destacando pola súa importancia o caso de Alemaña ao concentrar case o 28% do PIB (Estonia, Irlanda, Lituania e Luxemburgo son os outros países).

Entre xaneiro e marzo a economía galega medrou un 2,8%, case punto e medio inferior á media española (4,2%), sendo esta porcentaxe significativamente superior ao conxunto da UE-27 e da zona euro (1,3% e 1,2%, respectivamente), así como dos principais socios comerciais da economía galega (Francia, Portugal e Italia). Fronte a este crecemento, a economía de Alemaña contráese un 0,5% respecto ao ano anterior. No primeiro trimestre a economía española supera o nivel precrise (0,1%), sendo o PIB en Galicia un 1,2% superior ao nivel precrise, o que contrasta co que acontece en Alemaña (-0,5%), sendo a recuperación de case un 3% en Europa e 2,2% na zona euro.

O crecemento agregado do PIB galego caracterízase por unha contribución positiva tanto da demanda interna como externa, sendo esta última moito máis acusada (0,2 e 2,6 puntos, respectivamente). No concernente á demanda interna, salienta o dinamismo do investimento (medra un 3,3%), o único compoñente que presenta un mellor comportamento que a media española, o que contrasta coa contracción do gasto en consumo final, tanto privado (-0,4%) como público (-0,2%). No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual do 4,7% das exportacións as compras fóra de Galicia o fan tan só nun 0,5%.


Dende o lado da oferta, os catro grandes sectores presentan tanto en Galicia como no conxunto do Estado taxas de variación interanual positivas, se ben existen importantes diferencias. En Galicia é o sector industrial no seu conxunto (8,9%), impulsado polas actividades do sector enerxético e as industrias extractivas, o que presenta as taxas de crecemento interanual máis elevadas por diante da construción (4%), en tanto que en España os sectores con maior crecemento son a construción e o sector servizos (5,8% e 4,5%, respectivamente).

ACTIVIDADE ECONÓMICA

No primeiro trimestre de 2023 a economía da zona euros entra en recesión técnica ao encadear dous trimestres consecutivos con taxas de variación negativas respecto ao trimestre anterior. En concreto, este descenso situouse no 0,1% nos dous últimos trimestres. Os datos publicados por Eurostat reflicten que cinco países da zona euros euro, Alemaña, Estonia, Irlanda, Lituania e Luxemburgo, salientando o caso de Alemaña, que no primeiro trimestre do ano concentra o 27,7% do PIB nominal da zona euro (23,6% do PIB da UE-27). O caso de Irlanda tamén chama a atención tendo en conta a caída do 4,6% respecto ao trimestre anterior, que se suma ao -0,1% no cuarto trimestre de 2022. Fronte a esta caída do PIB en termos reais, entre as principais economías cómpre mencionar o dinamismo de Portugal, cunha medra do 1,6%, ou Italia e España, co 0,6%.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, tanto a zona euro como Alemaña sufriron catro etapas de recesión económica coincidindo coa crise económica e financeira de 2008 (entre o segundo trimestre de 2008 e o primeiro de 2009), coa crise do euro (cuarto trimestre de 2011 e primeiro de 2013 no caso da zona euro e no cuarto

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual




	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I
	2020					2021				2022				2023
Zona euro	1,2	-2,8	-14,2	-3,9	-4,1	-0,8	14,3	4,0	4,9	5,5	4,4	2,5	1,8	1,3
UE-27	1,4	-2,2	-13,4	-3,7	-3,9	-0,8	13,8	4,3	5,2	5,7	4,4	2,6	1,7	1,2
Alemaña	0,9	-1,2	-10,4	-2,5	-2,1	-2,2	10,2	1,8	1,2	3,8	1,7	1,4	0,8	-0,5
Francia	1,1	-5,2	-18,6	-3,6	-4,2	1,5	18,7	3,5	5,1	4,7	4,2	1,0	0,4	0,8
Portugal	2,8	-2,6	-17,8	-6,2	-6,6	-4,9	17,0	5,0	6,6	11,9	7,4	4,8	3,2	2,5
España	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,3	7,7	4,9	3,1	4,2

Fonte: Eurostat e INE

trimestre de 2012 e primeiro de 2013 en Alemaña), no primeiro semestre de 2020 coincidindo co impacto da pandemia do coronavirus, e a actual recesión no primeiro trimestre de 2023.

No que a evolución interanual se refire, continúa o proceso de ralentización económica no conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro, que experimentan no primeiro trimestre de 2023 unha medra interanual da súa actividade económica do 1%. Asemade, a devandita desaceleración económica apréciase en Portugal, cunha medra do 2,5%, sete décimas menos que o rexistrado no derradeiro trimestre de 2022. Por contra, fronte a esta evolución cómpre mencionar que

Evolución da actividade económica IV trimestre 2019 -I trimestre 2023



Fonte: Eurostat

entre xaneiro e marzo Francia, Italia e en maior medida, España, presentan un crecemento superior ao experimentado no cuarto trimestre do ano precedente. En concreto, a economía española medra un 4,2%, máis dun punto porcentual máis que o rexistrado no trimestre anterior, fronte a unha medra interanual do 1,9% en Italia e o 0,9% de Francia (catro e tres décimas máis

que no trimestre anterior).


Atendendo á evolución dende o inicio da crise orixinada pola pandemia, no ámbito da Unión Europea tan só a República Checa e Alemaña presentan no primeiro trimestre de 2013 un PIB real inferior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019, superando neste trimestre a economía española supera xa o nivel precrise nun 0,1%. O PIB da UE-27 supera en 2,9 puntos porcentuais o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, sendo este diferencial de 2,2 puntos no caso do conxunto de países da zona euro. Cómpre resaltar que no primeiro trimestre de 2023 Portugal presentaba un PIB (termos reais) superior en 4,4 puntos ao do último trimestre de 2019, fronte aos 2,5 puntos no caso da economía italiana ou 1,1 puntos en Francia.

No que á evolución da economía galega se refire, tendo en conta que o impacto da crise orixinada pola COVID ao longo de todo o ano 2020 e primeiro trimestre de 2021 é menor en Galicia que no conxunto do Estado, coa reactivación da economía a partir do segundo trimestre de 2021, o PIB en Galicia presenta taxas de variación interanuais inferiores ás do conxunto do Estado. No primeiro trimestre de 2023 a actividade económica medrou un 2,8% respecto ao mesmo período do ano precedente, o que supón case punto e medio menos que a rexistrada en España (4,2%).

A pesar de que a orixe da crise económica de 2008 e a de 2020 son distintas, se se compara o seu impacto inicial na actividade económica de Galicia e España, a incidencia desta última é significativamente superior, pero a súa recuperación tamén é moito máis intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes da crise, o PIB galego atópase no primeiro trimestre de 2023 un 1,2% por riba do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria superándoo nun 0,1% no caso da economía española. En termos comparados cómpre resaltar que transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego situábase 5,4 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 5,1 puntos no caso de España.


Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. tomando como referencia a situación existente no momento antes da pandemia (cuarto trimestre 2019), a comunidade autónoma de Madrid, Navarra e Cataluña presentan un mellor comportamento que a economía galega. No primeiro trimestre de 2023 a actividade económica de Madrid supera nun 2,2% o nivel previo á crise, sendo este diferencial de dous puntos no caso de Navarra e un 1,8% por riba do valor do cuarto trimestre de 2019 en Cataluña. A recuperación da actividade económica galega segue a ser superior á do País Vasco, que no primeiro trimestre do ano situábase catro décimas por riba do nivel previo á pandemia.

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2023. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2019



(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).


Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

No primeiro trimestre de 2023 tanto no conxunto do Estado como en Galicia tanto a demanda externa como a demanda interne presentan unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB. Non obstante, o diferencial de crecemento entre a economía española ven explicado fundamentalmente pola contribución da demanda interna, cunha achega moito máis acusada en España.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no primeiro trimestre do ano a demanda externa achega 2,6 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, dúas décimas menos que no conxunto do Estado, en tanto que a demanda interna tan só contribúe con dúas décimas ao crecemento do PIB en Galicia (detrae tres décimas no trimestre anterior) fronte a 1,4 puntos no caso de España.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2022



Fonte: IGE e INE

Entre os compoñentes da demanda tan só o investimento presenta en Galicia un mellor comportamento que no conxunto de España no primeiro trimestre do ano. En concreto, o investimento medra un 3,3% respecto ao ano anterior en tanto que no conxunto de España a taxa de variación interanual sitúase no 0,7%. Fronte a este dinamismo, o gasto en consumo final contraese en Galicia por terceiro trimestre consecutivo, situándose no primeiro trimestre do ano no -0,4% respecto ao mesmo período do ano anterior. Esta caída ven impulsada tanto pola caída do consumo final das administracións públicas, que encadea seis trimestres consecutivos con taxas de variación interanuais negativas (-0,2% no primeiro trimestre de 2023) como, en maior medida, do consumo privado, que se reduce nun 0,4% respecto ao ano anterior (-0,5% e -0,8% nos dous trimestres anteriores). A diferenza do que acontece en Galicia, o cadro macroeconómico de España reflicte unha medra interanual do gasto en consumo final do 1,6%, sendo este dinamismo máis intenso o caso do consumo privado (1,6%) que no do consumo público (1,4%).


Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, o gasto en consumo final, impulsado polo comportamento do gasto das familias, presenta tanto en Galicia como en España un nivel inferior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019, se ben a crise incide de

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2023. Taxas de variación interanual.

	2019	2020	2021	2022	2022/I	2022/II	2022/III	2022/IV	2023/I
							%		
Produto Interior Bruto	1,1	-8,8	5,2	3,8	5,3	5,3	2,7	2,2	2,8
Demanda									
Gasto en consumo final	-1,3	-6,9	3,8	-0,1	2,2	0,2	-2,0	-0,7	-0,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,2	-10,4	4,2	1,3	4,2	2,4	-0,5	-0,8	-0,4
AA. Públicas	1,4	3,3	2,6	-3,6	-2,8	-5,3	-5,9	-0,4	-0,2
Formación Bruta de Capital	3,9	-12,8	1,0	1,4	-1,5	1,8	3,5	2,0	3,3
Achega demanda interna ao PIB	-0,4	-7,8	3,3	0,1	1,5	0,5	-1,1	-0,3	0,2
Exportacións	-0,1	-4,3	10,8	5,0	4,4	9,8	7,2	-0,8	4,7
Importacións	-3,1	-2,4	7,5	-1,4	-2,0	1,4	0,6	-5,3	0,5
Achega demanda externa ao PIB	1,5	-1,0	1,9	3,7	3,8	4,8	3,8	2,5	2,6
Oferta									
Sector primario	6,3	-8,7	0,7	0,6	1,4	1,6	-0,8	0,1	0,3
Industria	-7,0	-12,1	3,9	-2,0	-7,5	1,1	-2,0	0,5	8,9
Industria manufactureira	-1,5	-11,6	6,3	-0,5	0,1	3,8	-1,2	-4,3	2,2
Construción	2,1	-11,6	-1,6	0,7	-1,4	1,0	1,3	1,9	4,0
Servizos	2,9	-7,5	6,5	5,8	9,2	7,1	4,5	2,8	1,8
Comercio, transporte e hostalería	0,3	-19,4	14,8	17,4	27,8	21,3	12,8	9,7	6,0
Información e comunicacións	9,7	0,6	1,2	12,6	17,1	18,7	11,3	4,5	-5,8
Actividades financeiras e de seguros	0,9	3,8	0,3	-8,6	-6,9	-10,1	-8,0	-9,5	-8,7
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	0,7	0,8	0,7	0,7	0,8	1,0
Actividades profesionais	11,8	-5,5	6,6	2,5	3,8	4,5	1,2	0,7	0,8
Administración pública, sanidade e educación	2,6	0,4	3,5	0,1	1,0	-0,4	-0,8	0,6	-0,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,2	-16,3	9,9	0,1	1,8	-1,9	3,8	-3,2	5,7

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre de 2023. Indicadores de demanda e oferta. Taxas de variación interanual




Fonte: ICEX

maneira lixeiramente máis intensa na Comunidade autónoma. En concreto, o nivel do gasto en consumo final en España é un 2,2% inferior ao nivel precrise fronte ao 2,7% en Galicia. Atendendo á evolución dos dous compoñentes do gasto, mentres que o consumo dos fogares redúcese un 4,7% entre os dous trimestres considerados, unha décima menos que en España (-4,8%), o gasto en consumo das administracións públicas atópase neste primeiro trimestre do ano 3,1 puntos por riba (5,9% en España). Por último, cómpre mencionar a forte caída do investimento, a compoñente que presenta a maior contracción, ao descender en Galicia un 6,6% entre aos dous trimestres considerados fronte ao 5,1% no conxunto do Estado.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no primeiro trimestre de 2023 a demanda externa contribúe ao crecemento agregado do PIB con 2,6 puntos porcentuais, influenciado por unha medra interanual do 4,7% das exportacións e do 0,5% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra de 10,2% aumentando as importacións un 3,3%, situándose a contribución positiva da demanda externa en 2,8 puntos. Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia, as exportacións en Galicia superan nun 10,8% o valor do cuarto trimestre de 2019 (12,9% en España), e as importacións o fan nun 3%, máis de catro puntos inferior ao rexistrado en España (7,1%).

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no primeiro trimestre do ano 2023 medra un 8,2% respecto ao ano anterior, acadando os 7.317,6 millóns de euros (554,6 millóns máis), o que supón o valor máis elevado nun primeiro trimestre. Este incremento ven motivado en boa medida polo comportamento experimentado


Evolución do PIB real en Galicia e España 4º trimestre 2019-1º trimestre 2023: distribución segundo compoñentes da demanda.



Fonte: ICEX

polo sector de material de transporte, que aumenta un 68,7% (275,9 millóns de euros) o valor das súas vendas a terceiros países, e se sitúa como o cuarto valor en importancia en termos de valor; a pesca, cunha medra interanual do 19,5% (115,8 millóns); ou o téxtil-confección, que se sitúa como primeiro sector exportador por diante do automóbil (7,6%; 11,1 millóns de euros máis). Por contra, tras o forte incremento interanual experimentado polo sector enerxético en 2022, o valor das exportacións redúcense no primeiro trimestre de 2023 un 28% (179,3 millóns de euros menos). Asemade, pola súa importancia cómpre mencionar unha nova caída das exportacións do sector automóbil no seu conxunto, cun descenso interanual do 0,7% cando no mesmo período do ano anterior situábase no 20,6%. Tras esta evolución, entre xaneiro e marzo as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan 21,6%, fronte ao 15,5% do sector do automóbil e motos. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal descende ata o 7,1%, porcentaxe similar á do mesmo período do ano 2020.

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2023. Datos acumulados ao 1º trimestre.



Fonte: ICEX


Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 69,4% das exportacións, oito décimas menos que no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 10,9% das vendas exteriores. África do norte mantense como a terceira área comercial ao acoller o 5,6% das exportacións galegas, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2014 (5,3% no mesmo período do ano anterior). Comparado co ano anterior, o va-

lor das exportacións á UE-27 medra un 7%, o que supón 332,1 millóns de euros máis, destacando tamén o incremento experimentado nos mercados das islas do Caribe, cunha medra interanual do 451,6% (72 millóns de euros máis), de África do norte, cun 13,1% (47,3 millóns), e o lonxano oriente, cunha medra do 35,4% (44,2 millóns de euros máis).

Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 14,5% do total, tres puntos menos que no ano anterior (23,4%). A continuación sitúanse novamente Portugal e Italia, cuxo peso relativo aumenta ata o 14,3% e 10,9%, respectivamente (12,6% e 8,3% no ano anterior). Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, manténdose o Reino Unido en quinto lugar, ao acoller o 5,4% das exportacións (7,6% no ano anterior); Marrocos, cun 5,1%, no sexto (4,6% no primeiro trimestre de 2022); e Turquía no décimo posto, cun 3,3% (1,7% no ano precedente).

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado polas manufacturas de consumo, que acada un saldo positivo de 977,7 millóns de euros, importe 188,7 millóns superior ao do ano anterior (23,9%). Esta medra explícase polo comportamento do téxtil-confección, cuxo superávit ascende ata os 895,8 millóns de euros, un 25,4% máis que no mesmo período do ano anterior (181,3 millóns máis). Asemade, no ámbito do automóbil (938 millóns de superávit fronte aos 140,2 millóns do ano anterior), o subsector de fabricación de automóbiles

Exportacións galegas primeiro trimestre 2022-23. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

rexistra unha medra do superávit, que se sitúa en 889 millóns de euros (7,4% inferior), acadando as vendas de compoñentes de motor un saldo positivo por primeira vez nos últimos dez anos (49 millóns de euros fronte ao déficit de case 690 millóns no primeiro trimestre de 2022). Por último, cómpre mencionar que o sector dos alimentos reduce o seu déficit no primeiro trimestre do ano, acadando os 273,4 millóns de euros, situándose o saldo negativo no subsector pesqueiro nos 194,2 millóns de euros (215,1 millóns en 2022).

AGREGADOS DA OFERTA


No primeiro trimestre do ano 2023 os catro grandes sectores presentan tanto en Galicia como no conxunto do Estado taxas de variación interanual positivas. Con todo, existen importantes diferencias tendo en conta que en Galicia é o sector industrial no seu conxunto, impulsado polas actividades do sector enerxético e as industrias extractivas, o que presenta as taxas de crecemento máis elevadas por diante da construción, en tanto que en España os sectores con maior crecemento son a construción e o sector servizos.

Dunha banda, o sector que presenta un maior dinamismo é a industria, cunha taxa de variación interanual do 8,9% en Galicia, o que supón máis de catro puntos superior á rexistrada en España (4,3%). Con todo, cómpre resaltar que a industria manufactureira aumenta tan só un 2,5% en comparación do 5,6% estimado para a economía española. O outros tres grandes sectores presentan en España un maior dinamismo, rexistrándose o maior diferencial nas actividades do sector primario. Neste caso, o valor engadido xerado polo sector primario galego medra un 0,3% fronte ao 2,8% no conxunto do Estado.

O sector cun maior dinamismo na economía española é a construción, cunha medra do 5,8% fronte ao 4% en Galicia. Por último, o sector terciario medra en Galicia un 1,8%, máis de dous puntos e medio por baixo da media estatal (4,5%), presentando todas as actividades un crecemento inferior á media española. Dunha banda, o conxunto de actividades de comercio, transporte e hostalería medra en Galicia un 6% fronte ao 10,1% en España, e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos un 5,7% (13,3% no conxunto do Estado). Por contra, contráese o veb das actividades de administración pública, sanidade e educación, cunha caída interanual do 0,2%, o que contrasta coa medra do 1,1% en España.

Se se comparan os niveis do valor engadido en termos reais do primeiro trimestre de 2023 cos do derradeiro trimestre de 2019, tan só o sector servizos presenta unha recuperación completa

Evolución da actividade económica IV trimestre 2019 - I trimestre 2023 en Galicia e España. Distribución segundo ramas de actividade




Fonte: IGE e INE

ao presentar un valor engadido bruto un 4,9% superior. Entre as distintas actividades do sector terciario cómpre resaltar que o o veb das actividades de comercio, transporte e hostalería é un 12,6% superior ao do cuarto trimestre de 2019, o que contrasta cos subsectores de información e comunicacións e o de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que se sitúan un 11,9% e 5,9% por baixo do nivel precrise. No conxunto do Estado a recuperación do sector servizo é significativamente inferior, situándose a actividade do sector tan só un 0,9% por riba do nivel precrise, en boa medida pola evolución das actividades comerciais, transporte e hostalería, que se sitúan en España un 4,2% por riba de cuarto trimestre de 2019.

A contracción económica máis acusada tanto na economía galega como española rexístrase no sector da construción, cuxo valor engadido no primeiro trimestre de 2023 representa o 91,4% do nivel precrise, fronte ao 90,7% en España. Do meso xeito, o sector industrial presenta un nivel inferior ao do cuarto trimestre de 2019, sendo esta contracción superior en Galicia que en España.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

En concreto, a actividade industrial é un 5,2% inferior ao do derradeiro trimestre de 2019 fronte ao 2,6% en España. Por último cómpre resaltar o desigual comportamento do sector primario, que no conxunto do Estado é un 12,5% superior ao nivel precise ao contrario do que acontece en Galicia, ao situarse 7,4 puntos por baixo.

No que á estrutura produtiva se refire, e unha vez recuperado o nivel precrise na economía galega, cómpre resaltar o incremento do peso relativo do o subsector de comercio, transporte e hostalería, que no primeiro trimestre do ano concentra o 25,5% do veb galego,

máis dun punto por riba do estimado no ano anterior (23% no mesmo período de 2019). No último ano descende a importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que no primeiro trimestre do ano concentra o 18,6% do valor engadido, oito décimas menos que no mesmo período do ano anterior (18,4% no primeiro trimestre de 2019).

Asemade, cómpre mencionar que o peso da industria manufactureira mantense estable no 12,1% no primeiro trimestre dos últimos dous anos considerados, se ben esta porcentaxe sitúase por baixo do nivel acadado no mesmo período dos anos 2019 e 2008 (12,8% e 14,1%, respectivamente. Vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, as actividades profesionais concentran o 6,6% do veb, o que supón unha décima menos que no ano precedente. A importancia relativa do sector da construción mantense lixeiramente por riba do 6%, lonxe do 7,5% do mesmo período do ano 2019 ou do 14,1% se a comparación se realiza co ano 2008. Por último, o sector primario representar o 4,8% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima máis que no ano anterior.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide é a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo así considerados.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, o primeiro trimestre de 2023 caracterízase por unha medra interanual da produtividade en Galicia do 2,3%, resultado dunha medra do PIB real do 2,8% e un incremento do 0,5% das horas traballadas. O incremento da produtividade no conxunto do Estado é de 2,8% como consecuencia dun incremento do emprego do 1,4% e do 4,2% da actividade económica. Se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, tanto Galicia como España presentan un incremento da súa capacidade produtiva, sendo esta mellora tres décimas inferior en Galicia que no conxunto do Estado: 1,6% e 1,9%, respectivamente.

Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia mantén no primeiro trimestre de 2023 unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española, que se sitúa por baixo do 95% tanto se se mide en relación ao número de horas traballadas como aos postos de traballo equiva-

Produtividade aparente do factor traballo no 1º trimestre 2023. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	0,5%	2,3%	4,2%	1,4%	2,8%
Sector primario	0,3%	1,3%	-1,0%	2,8%	-1,1%	3,9%
Industria	8,9%	1,9%	7,0%	4,3%	2,3%	2,0%
Industria manufactureira	2,2%	2,8%	-0,6%	5,6%	3,1%	2,5%
Construción	4,0%	0,4%	3,6%	5,8%	0,2%	5,6%
Servizos	1,8%	0,2%	1,6%	4,5%	1,5%	3,0%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	1,2%	1,6%	4,2%	2,3%	1,9%
Sector primario	0,3%	0,0%	0,3%	2,8%	-6,8%	9,6%
Industria	8,9%	1,7%	7,2%	4,3%	3,0%	1,3%
Industria manufactureira	2,2%	1,5%	0,7%	5,6%	3,7%	1,9%
Construción	4,0%	2,8%	1,2%	5,8%	1,1%	4,7%
Servizos	1,8%	1,1%	0,7%	4,5%	2,7%	1,8%


Fonte: IGE e INE


lente a tempo completo. Como se reflicte no último gráfico, en ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española mellora en relación ao ano 2019, pasando do 92,3% da media española no primeiro trimestre de 2019 aos 94,5% no último trimestre no caso do traballo equivalente a tempo completo, e do 90,4% a 93,9% no devandito período no caso da produtividade en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade cómpre sinalar en primeiro lugar a reducida produtividade das actividades manufactureiras galegas en comparación co conxunto do Estado, así como a súa tendencia descendente. No primeiro trimestre de 2023 supoñía o 68,2% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 71,6% no caso das horas traballadas, situándose estas porcentaxes no 77,9% e 81,7% no mesmo período do ano 2019, respectivamente. As actividades do sector primario, é o outro subsector que presenta unha produtividade aparente inferior á media española, situándose no 89,8% da media estatal en termos de horas traballadas e no 94,3% da media estatal no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo.

Fronte á devandita situación, tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á media estatal en ambos os dous indicadores.

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia no primeiro trimestre 2019-2023. (España = 100)





En concreto, no primeiro trimestre de 2023 a produtividade aparente en termos de horas traballadas é un 12,6% superior á media española e un 0,8% en termos de postos de traballo equivalente, porcentaxes inferiores ás de 2019 (16,4% e 4,6%, respectivamente). Por último, no ámbito do sector servizos a PFT medida en termos de horas de traballo supera nun 0,2% á media estatal, o que contrasta coa situación do ano 2019 (6,9% inferior), en tanto que se sitúa un 1,2% por baixo se a produtividade se mide en termos de horas traballadas (90,5% da media española no ano 2019).

O MERCADO DE TRABALLO NO ANO DE 2022.

Tras un crecemento interanual do 2.8% do PIB en Galicia, o mercado de traballo presenta datos agregados en principio positivos atendendo aos niveis de ocupación e a redución do desemprego. O primeiro trimestre do ano presenta así unha mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Ao mesmo tempo, dende a posta en marcha da reforma laboral de decembro de 2021 a redución da temporalidade é outro aspecto positivo.

Con todo estes datos teñen de ser matizados tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que tan só as afiliacións presentan un maior crecemento interanual que no derradeiro trimestre de 2022 (1,1% e 1%, respectivamente). Por cotnra, a poboación ocupada medra un 1,1% respecto ao ano anterior, unha décima por baixo do estimado no trimestre anterior. Asemade, os postos de traballo equivalente a tempo completo increméntanse nun 1,2%, e as horas traballadas, un 0,5% (1,3% e 1,6% no trimestre anterior). Xunto a este datos, cómpre mencionar que o mercado de traballo en España presenta un maior dinamismo que o galego nos catro indicadores mencionados.

A creación do emprego reflectido pola EPA rexístrase tan só entre as mulleres, e con carácter xeral, en maior medida no sector servizos, fundamentalmente no ámbito da educación; entre as persoas empresarias sen asalariadas e persoas asalariadas no sector público; entre os posúen estudios da ESO; así como entre os maiores de 45 anos e entre os de 25-34 anos, sendo todo o emprego creado emprego indefinido. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no sector industrial; entre as persoas traballadoras con estudios superiores; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos. No que ao desemprego se refire, a pesar do descenso experimentado as taxas de paro reflicten que este afecta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios. Por último, mención especial require o incremento da poboación activa de 25-34 anos, ao igual que acontecera no mesmo trimestre do ano anterior

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do mercado de traballo en Galicia cómpre mencionar a mellora, en termos anuais, das

taxas de actividade, ocupación e desemprego. Asemade, tras a posta en marcha da reforma laboral aprobada en decembro de 2021, a taxa de temporalidade descende de xeito significativo.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no último ano ata o 52,8%, unha décima por riba do estimado no ano anterior. Deste xeito, Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 49,7%, manténdose non obstante o diferencial con respecto ao conxunto do Estado, onde tras unha medra dunha décima sitúase no 58,6%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,3% e 56,6%, respectivamente, o que supón un diferencial de 7,3 puntos porcentuais (8,6 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (nove puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,2% e a masculina ata o 63,2%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47%, reducíndose o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,8 puntos fronte aos 3,9 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 50,8%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,2%), Estremadura (45,3%) e Andalucía (46,5%).

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2022

miles de persoas	2019	2020	2021	2022	2022				2023
					I	II	III	IV	I
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.339,0	2.340,9	2.342,6	2.340,2	2.341,6	2.343,0	2.345,6	2.346,5
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.228,2	1.240,4	1.232,4	1.244,7	1.248,6	1.235,9	1.238,7
25 - 34 anos	223,3	210,7	207,0	208,2	207,8	210,7	208,5	205,7	208,1
Poboación ocupada	1.095,2	1.074,2	1.085,1	1.103,7	1.091,4	1.105,2	1.113,8	1.104,5	1.103,7
Conta propia	216,6	205,3	208,2	203,2	199,0	205,6	201,7	206,3	206,3
Conta allea	878,3	868,6	876,4	900,4	892,2	899,5	911,6	898,2	897,2
Outra situación	0,3	0,4	0,5	0,2	0,2	0,2	0,4	0,0	0,2
Poboación parada	145,9	146,7	143,1	136,7	141,0	139,4	134,8	131,4	135,1
Parado longa duración	57,1	49,9	59,0	51,7	57,2	52,9	49,7	47,0	47,7
Poboación inactiva	1.094,2	1.118,1	1.112,7	1.102,2	1.107,7	1.096,9	1.094,4	1.109,7	1.107,8
Taxa de actividade	53,1%	52,2%	52,5%	52,9%	52,7%	53,2%	53,3%	52,7%	52,8%
Taxa de ocupación	46,9%	45,9%	46,4%	47,1%	46,6%	47,2%	47,5%	47,1%	47,0%
Taxa de paro	11,8%	12,0%	11,7%	11,0%	11,4%	11,2%	10,8%	10,6%	10,9%
Taxa de temporalidade	26,5%	24,0%	24,5%	19,4%	22,5%	20,1%	18,9%	16,6%	16,4%
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	996,0	1.015,5	1.036,9	1.023,8	1.038,8	1.045,1	1.039,8	1.035,0
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	180,3	163,4	146,2	153,9	145,9	142,0	142,9	143,7

Fonte: IGE

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 50,9% fronte ao 43,5% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 7,4 puntos, fronte aos 9,9 puntos en España (55,9% e 46%, respectivamente).

A taxa de paro galega descende no último ano ata o 10,9%, case dous puntos e medio por baixo da media estatal (13,3%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. Cómpre resaltar que no País Vasco e Aragón a taxa de paro é inferior ao 9% (8,4% e 8,9%, respectivamente). A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. situándose en Galicia no 11,8% e 10,1%, respectivamente, fronte aos 15,3% e 11,6% en España.


Poboación activa

Por oitavo trimestre consecutivo Galicia presenta un incremento interanual da poboación activa, acollendo no primeiro trimestre do ano un total de 1.238.700 persoas, 6.300 persoas máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 0,5%, case un punto menos que no conxunto do Estado (1,4%). Ao igual que acontecera nos dous trimestres anteriores, o devandito incremento estimado en Galicia ven motivado polo comportamento das mulleres, con 10.700 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (1,8%), o que contrasta co descendo en 4.400 persoas no caso dos homes (-0,7%). No conxunto do España a poboación activa medra en ambos os dous casos por oitavo trimestre consecutivo, situándose as taxas de variación interanual no último trimestre no 2,1% entre as mulleres e no 0,7% no caso dos homes.

Comparado co estimado no primeiro trimestres de 2020, no momento inicial da crise económica orixinada pola pandemia, a poboación activa descende lixeiramente en Galicia (-1.100 persoas; -0,1%) por mor do descenso estimado de 10.700 homes activos (-1,7%) entre os dous trimestres considerados, que supera o incremento en 9.600 mulleres activas (1,6%). En España a poboación activa medra entre os dous anos considerados tanto entre os homes (1,7%) como en maior medida entre as mulleres, cunha medra do 4,4%.

Tras esta evolución, a participación laboral das mulleres aumenta lixeiramente tanto en Galicia como en España, se ben en Galicia esta mellora prodúcese tan só no caso das mulleres, reducíndose entre os homes. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 52,8% e 56,6%, respectivamente, o que supón un diferencial de 7,3 puntos porcentuais (8,6 puntos no ano anterior).

Evolución trimestral da poboación activa 2021-23: distribución segundo sexos



Fonte: IGE

No conxunto do Estado, o diferencial mantense no 9 puntos, oito décimas menos que no ano anterior, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,2% e a masculina ata o 63,2%. En ambos os dous casos Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias.

Xunto ao devandito incremento da poboación activa feminina cómpre mencionar o incremento entre as persoas maiores de 55 anos e a poboación máis nova, así como entre as persoas con estudios terminados de ESO segunda etapa e estudios primario ou menos, e entre as persoas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda, o comportamento da poboación ac-

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 1º trimestre 2023


	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	52,8%	58,6%	Madrid (63,3%) Baleares (61,8%) Cataluña (60,7%) Canarias (59,8%)	Asturias(49,7%) Galicia (52,8%) Cantabria (54,2%) Castela e León (54,3%)
Taxa de ocupación	47,0%	50,8%	Madrid (56,3%) Cataluña (54,4%) A Rioxa (53,6%) Aragón (53,4%)	Asturias (43,2%) Estremadura (45,3%) Andalucía (46,5%) Galicia (47,0%)
Taxa de paro	10,9%	13,3%	País Vasco (8,4%) Aragón (8,9%) Cantabria (9,3%) A Rioxa (10,1%)	Estremadura (19,5%) Andalucía (18,3%) Baleares (18,1%) Canarias (17,2%)
Taxa de temporalidade	16,4%	17,3%	Madrid (12,9%) Baleares (13,4%) Cataluña (14,3%) A Rioxa (16,2%) Galicia (16,4%)	Estremadura (26,8%) Andalucía (23,1%) Canarias (20,5%) País Vasco (19,5%)

Fonte: INE

tiva entre as persoas con estudos da ESO, segunda etapa, medra en 24.600 persoas (8,8%) fronte aos 4.700 entre as persoas con menor nivel formativo (16,4%). Doutra banda, o número de activos maiores de 55 anos medra un 4,1%, o que significa un total de 10.600 persoas máis, sendo esta porcentaxe do 3,1% entre aquelas persoas menores de 25 anos (1.700 persoas). Por último, a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 21,8% respecto ao ano anterior (15.700 persoas máis) o que contrasta co descenso en 9.300 persoas no caso da poboación de nacionalidade española (-0,8%). Mención especial merece o incremento interanual do 0,1% da poboación activa de 25-34 anos (300 persoas), taxa positiva que dende o ano 2009 tan só se conseguira nun primeiro trimestre no ano en 2022 (0,8%; 1.600 persoas máis).

Fronte a este incremento, cómpre resaltar o acusado descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que no primeiro trimestre de 2023 foi do 3,1% respecto ao ano anterior (10.300 persoas menos), así como entre as persoas con nacionalidade española, cunha caída do 0,8% (9.300 persoas). Atendendo á distribución segundo nivel de estudios rematados, no primeiro trimestre de 2023 hai 10.900 activos con estudos superiores menos (-1,9%) e 12.100 con primeira etapa de ESO terminada (-3,4%).

Poboación activa 1º trimestre de 2023. Variación interanual




Fonte: IGE.

Ocupación

O dinamismo da economía galega no primeiro trimestre do ano non se traslada directamente ao mercado de traballo tendo en conta que tres dos catro indicadores da ocupación presentan unha ralentización no seu rimo de crecemento. Dunha banda, as afiliacións presentan un incremento interanual do 1,1%, o que supón unha décima por riba do rexistrado no cuarto trimestre do ano anterior. Doutra banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 1,1% respecto ao ano anterior, unha décima menos que cuarto trimestre de 2022. Asemade, as contas económicas reflicte unha ralentización no ritmo de crecemento do número de horas traballadas e dos postos de traballo equivalente a tempo completo; en concreto, os primeiros medra un 0,5% respecto ao mesmo período do ano anterior fronte aos 1,6% do trimestre anterior, en tanto que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra un 1,2% fronte o 1,3% rexistrado no trimestre anterior. Ao igual que no ano anterior, España presenta un mellor comportamento nos catro indicadores mencionados, aumentando un 1,8% a poboación ocupada, un 2,6% no caso das afiliacións, un 2,3% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo e nun 1,4% no das horas traballadas. No concernente

Evolución trimestral do PIB e da ocupación en Galicia 2022-23




Fonte: IGE

ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no primeiro trimestre do ano ascende a 1.035.001 persoas afiliadas, o que supón 11.247 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,1%, lonxe do 2,6% rexistrado en España. Atendendo á distribución segundo sexos, este incremento afecta en maior medida ao emprego feminino, cunha medra do 1,5% en Galicia (7.422 afiliacións máis) fronte ao 0,7% entre os homes (3.825 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 3% e 2,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución sectorial, a actividade con maior número de afiliados é a de comercio ao retallo, agás vehículos de motor, que concentra o 10,1% das persoas afiliadas, por diante

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2018-2023



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

das actividades sanitarias e servizos de comidas e bebidas, que acollen en torno ao 6,5% das afiliacións cada unha delas. A rama de actividade con maior incremento de afiliacións é a de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 2.639 afiliados máis (4,2%); xunto coa educación (CNAE 85), con 2.102 afiliados máis (3,6%). No extremo oposto, as que presentan os maiores descensos son as actividades relacionadas co emprego (CNAE 78), con 2.564 afiliacións menos (21,3%), seguido polo sector agrogandeiro (CNAE 01), cunha redución de934 afiliacións (-2,8%).

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 1,1% Galicia conta con 1.103.700 persoas ocupadas, o que supón 12.300 máis que no ano anterior. Así, a taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, ascende en Galicia ata o 47% -a cuarta Comunidade Autónoma coa taxa de emprego máis reducida-, situándose no conxunto do Estado esta porcentaxe no 50,8%.

Ao igual que nos dous trimestres anteriores, o devandito incremento interanual da ocupación en Galicia prodúcese tan só entre as mulleres,

Afiliacións á Seguridade Social 2022-2023: distribución segundo principais ramas de actividade

	2021		2022		22/21	
		(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	104.766	10,2	104.515	10,1	-0,2	-251
86 Actividades sanitarias	66.691	6,5	67.052	6,5	0,5	361
56 Servizos de comidas e bebidas	62.403	6,1	65.042	6,3	4,2	2.639
85 Educación	57.700	5,6	59.803	5,8	3,6	2.102
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.061	5,6	57.033	5,5	-0,0	-28
43 Actividades de construción especializada	49.513	4,8	50.339	4,9	1,7	826
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.454	4,7	48.535	4,7	0,2	81
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.668	3,3	33.967	3,3	0,9	299
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	33.606	3,3	32.672	3,2	-2,8	-934
10 Industria da alimentación	30.739	3,0	31.329	3,0	1,9	590
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	28.545	2,8	28.662	2,8	0,4	117
41 Construción de edificios	24.707	2,4	24.970	2,4	1,1	263
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.093	2,5	24.398	2,4	-2,8	-694
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.755	2,1	21.527	2,1	-1,0	-228
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	644.701	63,0	649.844	62,8	0,8	5.142
Total	1.023.754	100	1.035.001	100	1,1	11.247

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
78 Actividades relacionadas co emprego	12.066	1,2	9.502	0,9	-21,3	-2.564
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	33.606	3,3	32.672	3,2	-2,8	-934
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.093	2,5	24.398	2,4	-2,8	-694
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	4.658	0,5	4.319	0,4	-7,3	-340
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	15.292	1,5	14.984	1,4	-2,0	-308

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	62.403	6,1	65.042	6,3	4,2	2.639
85 Educación	57.700	5,6	59.803	5,8	3,6	2.102
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	13.648	1,3	14.679	1,4	7,6	1.031
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	14.818	1,4	15.828	1,5	6,8	1.010
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	10.913	1,1	11.859	1,1	8,7	946

(1) ramas CNAE 2009;
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social


aumentando o emprego feminino en 16.000 persoas (3,1%) fronte ao descenso en case 4.000 persoas entre os homes (-0,7%; 3.800 persoas). Ao contrario do que acontece en Galicia, o mercado laboral español presenta

unha medra da ocupación tanto entre os homes como en maior media, entre as mulleres (1,2% e 2,5%, respectivamente).

A taxa de ocupación sitúase en Galicia no 50,9% no caso dos homes, case sete puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (43,5%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 55,9% e 46%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., tan só Asturias presenta unha taxa inferior á galega no caso dos homes, en tanto que a taxa de ocupación feminina sitúa a Galicia como a quinta C.A. coa taxa más reducida tras Estremadura, Asturias, Andalucía e Castela-A Mancha.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, ademais do devandita creación de emprego entre as mulleres, con carácter xeral pode afirmarse que o incremento do emprego prodúcese en maior medida no sector servizos, fundamentalmente no ámbito da educación, entre as

Evolución trimestral da poboación ocupada 2021-22: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación ocupada en Galicia 1º trimestre 2023: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)			Galicia 22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.103,7	571,9	531,7	5,4	5,2	5,6	1,1	-0,7	3,1
Sectores económicos									
Sector primario	65,8	44,8	21,0	8,8	7,9	11,6	6,3	11,7	-3,7
Industria	161,9	111,6	50,3	5,8	5,5	6,6	-4,1	-5,3	-1,4
Construción	75,4	69,7	5,7	5,8	5,9	5,0	-0,3	0,9	-12,3
Servizos	800,5	345,8	454,8	5,1	4,8	5,4	2,0	-0,8	4,2
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	206,3	121,5	84,8	6,7	6,1	7,7	3,7	3,6	3,9
Empregador	65,8	40,9	24,8	6,7	6,1	8,1	-1,6	1,2	-6,1
Empresarios sen asalariados	136,8	78,4	58,4	6,7	6,1	7,7	7,4	3,8	12,7
Membros cooperativas	1,6	0,9	0,6	6,5	5,6	6,9	77,8	125,0	50,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,1	1,2	0,9	3,5	4,1	3,0	-46,2	33,3	-69,0
Asalariados	897,2	450,3	447,0	5,2	5,0	5,3	0,6	-1,8	3,0
Sector público	198,0	82,0	116,0	5,6	5,5	5,7	2,4	8,0	-1,3
Sector privado	699,2	368,2	331,0	5,1	5,0	5,2	0,1	-3,7	4,6
Outra situación	0,2	0,2		3,6	8,0	-	-		
Ocupación									
Directores e xerentes	28,6	20,4	8,2	3,3	3,6	2,8	-49,4	-50,3	-16,2
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	208,1	81,1	127,0	5,2	4,8	5,5	17,3	4,3	4,9
Técnicos e profesionais de apoio	124,2	77,4	46,8	5,1	5,3	4,9	-2,4	-4,4	0,1
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	96,5	30,5	66,0	4,6	4,6	4,6	7,3	2,9	0,4
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	252,0	80,7	171,2	5,9	4,8	6,5	12,9	-0,9	4,9
Trab. cualificado no sector primario	52,3	35,5	16,8	11,8	9,9	20,5	11,1	21,3	-2,1
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	146,0	129,1	16,9	6,6	6,5	8,6	-0,6	-	-0,6
Operadores	91,6	77,8	13,8	5,7	5,5	6,5	-4,9	-6,7	-3,0
Ocupacións elementais	98,0	34,3	63,7	4,1	3,4	4,5	-6,4	-8,5	3,3
Ocupacións militares	6,3	5,1	1,2	6,1	5,6	9,0	32,7	86,5	14,8
Grupos de idade							-	-	-
16-19 anos	2,8	1,6	1,2	2,0	2,2	1,9	-44,0	-64,4	200,0
20-24 anos	37,5	19,9	17,6	3,9	3,8	4,0	16,5	1,0	40,8
25-34 anos	180,6	94,3	86,3	4,7	4,6	4,7	6,5	7,8	5,2
35-44 anos	292,9	152,8	140,1	5,5	5,5	5,6	-4,6	-5,0	-4,1
45-54 anos	342,2	176,7	165,6	5,7	5,5	6,0	0,3	-2,1	3,0
55 e máis anos	247,7	126,7	121,0	5,9	5,5	6,3	4,9	3,4	6,4
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e educación primaria incompleta	1,9	1,6	0,4	0,9	1,2	0,5	-17,4	-11,1	-20,0
Educación primaria	21,6	13,6	8,1	3,0	3,0	3,0	13,7	12,4	17,4
Educación. secundaria	562,3	327,0	235,3	5,6	5,6	5,7	2,9	2,1	4,0
Educación superior	517,7	229,8	288,0	5,4	5,1	5,7	-1,1	-4,9	2,1

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

persoas empresarias sen asalariadas e persoas asalariadas no sector público; entre os posúen estudios da ESO; así como entre os maiores de 45 anos e entre os de 25-34 anos. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no sector industrial; entre as persoas traballadoras con estudios superiores; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos.

Atendendo á situación profesional dos ocupados, o incremento do emprego estimado no primeiro trimestre do ano 2023 respecto ao mesmo período do ano anterior explícase tanto polo incremento das persoas traballadoras por conta propia (7.300 persoas máis) como por conta allea (5.000 máis), rexistrándose novamente importantes diferenzas entre homes e mulleres. Dunha banda, no que ao emprego asalariado se refire, o incremento da ocupación explícase polo incremento da ocupación feminina (13.100 persoas; 3%), que compensa o descenso do 1,8% da ocupación entre os homes (8.100 menos). O sector público presenta un maior dinamismo na creación de emprego por mor dun incremento da ocupación entre os homes superior á caída experimentada entre as mulleres (8% e -1,3%, respectivamente) a diferenza do que acontece no ámbito privado, que presenta un significativo descenso do emprego masculino (14.200 homes menos; -3,7%) que é superado non obstante polo incremento da ocupación entre as mulleres (14.600 máis; 4,6%).

Doutra banda, a ocupación por conta propia aumenta tanto entre os homes (4.200 persoas máis que no ano anterior; 3,6%) como entre as mulleres (3.200; 3,9%), explicándose esta evolución fundamentalmente polo bo comportamento das persoas empresarias sen asalariadas, ao estimarse unha medra de 9.400 persoas ocupadas máis, o que significa un 7,4%. Neste caso, as mulleres presentan un maior dinamismo ao aumentar a ocupación en 6.600 persoas (12,7%) fronte aos 2.900 (3,8%) entre o homes. Por contra, o número de persoas empresarias con asalariados descende no primeiro trimestre do ano en 1.100 persoas respecto ao mesmo período do ano anterior (-1,6%) impulsado pola destrución de emprego feminino, con 1.600 empresarias menos (-6,1%), o que contrasta coa medra da ocupación entre os homes (500 persoas máis; 1,2%).

Asemade, cómpre resaltar o incremento da ocupación entre as persoas con estudos de secundaria, incremento que se produce con maior intensidade entre as mulleres. A poboación ocupada entre estas persoas medra un 2,9% (15.800 persoas), sendo este incremento do 4% entre as mulleres (9.100 persoas) fronte ao 2,1% entre os homes (6.700 persoas). No extremo oposto, a redución da ocupación entre as persoas que posúen estudos superiores (-1,1%; 5.900 persoas ocupadas menos) prodúcese por mor da acusada

Poboación ocupada 1º trimestre de 2023: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2022 (en miles de persoas)			22/21 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.103,7	571,9	531,7	1,1%	-0,7%	3,1%
Sector Primario	65,8	44,8	21,0	6,3%	11,7%	-3,7%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	48,3	30,6	17,8	9,8%	13,3%	4,7%
Pesca e acuicltura	17,4	14,2	3,2	-2,2%	9,2%	-33,3%
Industria	161,9	111,6	50,3	-4,1%	-5,3%	-1,4%
Industrias extractivas	3,9	2,9	1,1	8,3%	-14,7%	450,0%
Industria manufactureira	151,7	103,6	48,1	-3,1%	-4,5%	0,2%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	6,3	5,1	1,1	-27,6%	-13,6%	-60,7%
Construción	75,4	69,7	5,7	-0,3%	0,9%	-12,3%
Servizos	800,5	345,8	454,8	2,0%	-0,8%	4,2%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos motor e motocicletas	173,7	78,9	94,8	-0,5%	-8,3%	7,0%
Transporte e almacenamento	54,2	42,0	12,1	5,4%	1,9%	18,6%
Hostalaria	69,6	30,2	39,4	3,0%	5,2%	1,0%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	167,5	85,5	81,9	3,3%	-1,7%	9,1%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	64,8	37,8	26,9	-4,4%	-2,3%	-7,6%
Educación	84,1	27,1	57,0	18,0%	33,5%	11,8%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	105,9	20,8	85,1	-6,3%	-12,6%	-4,6%
Resto de servizos	80,9	23,4	57,5	4,8%	2,2%	5,9%


Fonte: IGE

caída entre os homes (11.800 persoas menos; 4,9%), o que contrasta co incremento da ocupación feminina nun 2,1% (6.000 mulleres máis).

No que atinxe á distribución sectorial, o sector servizos concentra o 72,5% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 800.500 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 13,7% (151.700 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,8% da poboación ocupada total en Galicia (75.400 persoas) e as actividades do sector primario o 6% (65.800 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15,7% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,6%. Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento do sector da construción e servizos e o sector industrial tendo en conta que os dous primeiros presentan un incremento do seu peso relativo de oito e cinco décimas, respectivamente, reducíndose en 1,2 no ámbito industrial. Entre as dúas datas consideradas, o peso relativo da hostalería, a administración pública e defensa e a indus-

tria manufactureira considerada no seu conxunto redúcese en nove décimas, o que contrasta coa medra de 1,2 puntos no caso da educación.

Estrutura da ocupación en Galicia 2019 e 2023. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Calidade do emprego

Tras o devandito crecemento do 2,8% da actividade económica en Galicia, a ocupación a xornada completa aumenta tanto en Galicia como en España, aínda que de xeito máis intenso no conxunto do Estado, ao tempo que se reduce a ocupación a xornada a tempo parcial. Dunha banda, ocupación a xornada a tempo completo medra un 1,4% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior (13.100 persoas máis) fronte ao descenso interanual do 0,5% no caso da ocupación a tempo parcial (800 persoas menos). No conxunto do Estado a xornada a tempo completo presenta unha medra interanual do 2,2% fronte á caída do 0,1% no caso da ocupación a tempo parcial.

Centrándonos no emprego asalariado, a pesar da medra do 8,4% do número de asalariados indefinidos (57.800 persoas), os datos da EPA reflicten o maior dinamismo do emprego a tempo parcial, que medra un 17,4% respecto ao ano anterior (14.400 persoas) fronte ao 7,1% no caso do emprego asalariado a tempo completo (43.400 persoas asalariadas). Tras esta evolución, o 87% dos contratos indefinidos son contratos a tempo completo, o que supón un punto máis que no mesmo trimestre de 2022.

A análise da desagregación segundo do sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 80,7% das persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres, case catro puntos inferior ao do primeiro trimestre do ano anterior (84,4%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo aumenta ata o 43% (41,7% no mesmo período de 2022). Asemade, o 21,8% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 4,8% estimado entre os homes (21,6% e 3,5% no ano 2022, respectivamente).

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal redúcese de xeito significativo no último ano, cunha caída do 26,4% en Galicia (52.700 persoas máis) e do 26,8% no conxunto do Estado. O devandito descenso do emprego temporal en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, onde o emprego temporal redúcese un 34%, que entre as mulleres, cun 20,1% (30.800 e 22.100 persoas menos, respectivamente). En España, esta caída é tamén máis intensa entre os homes, situándose estas porcentaxes no 30,6% e 23,6%, respectivamente.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 16,4%, case un punto inferior á rexistrada no conxunto de España (17,3%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a quinta C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid, Baleares, Cataluña e A Rioxa. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres

se sitúa en Galicia no 19,6% fronte ao 13,3% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 19,9% no caso das mulleres e o 14,8% no dos homes. A pesar da redución da temporalidade en relación ao ano anterior, cómpre resaltar negativamente o aumento do diferencial das taxas entre homes e mulleres, que en Galicia se sitúa en 6,3 puntos fronte aos 5,5 do primeiro trimestre do ano precedente (5,1 e 5,0 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tan só no ámbito privado, cunha caída interanual do 41,4% (59.200 persoas menos), aumentando por contra nun 11,1% no sector público (6.400 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese en ambos os dous casos, sendo do 2,3% no sector público e do 36,2% no privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta ata o 32,2%, máis de vinte puntos por riba do estimado para o sector privado (12%), situándose no conxunto do Estado en 31,3% e 13,7%, respectivamente.

DESEMPREGO

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que, unha vez superado o forte impacto da pandemia no mercado de traballo, o desemprego continúa coa tendencia descendente. No primeiro trimestre de 2023 a poboación parada descende en Galicia ata as 135.100 persoas, 5.900 persoas menos que no mesmo período do ano anterior, das que 71.000 son mulleres (52,6%) e 64.100 son homes (47,4%). En termos relativos, o desemprego descende un 4,2% respecto ao ano precedente, porcentaxe superior á experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 1,5%. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 10,9%, cinco décimas menos que no a media do ano anterior, porcentaxe que se sitúa case dous puntos e medio por baixo da media estatal (13,3%).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o reflectido pola EPA. O número de persoas paradas rexistradas redúcese un 6,6% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 143.700. Este descenso relativo medio punto porcentual por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese un 7,1% respecto ao ano anterior.


Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2023.

	2019	2020	2021	2022	2022 I	2022 II	2022 III	2022 IV	2023 I
				(en miles de persoas)					
Poboación parada	145,9	146,7	143,1	136,7	141,0	139,4	134,8	131,4	135,1
Homes	69,1	69,5	67,7	64,4	64,7	67,7	63,2	61,8	64,1
Mulleres	76,8	77,2	75,4	72,3	76,4	71,7	71,7	69,6	71,0
Paro de longa duración	57,1	49,9	59,0	51,7	57,2	52,9	49,7	47,0	47,7
				(Taxa de variación interanual; %)					
Poboación parada	-12,1	0,5	-2,5	-4,5	-10,9	8,5	6,4	-2,7	-4,2
Homes	-13,1	0,6	-2,6	-4,9	-13,4	-5,6	2,9	-2,1	-0,9
Mulleres	-11,1	0,5	-2,3	-4,1	-8,6	-11,0	9,8	-3,3	-7,1
Paro de longa duración	-21,8	-12,6	18,2	-12,4	-6,8	-17,0	-3,5	-20,9	-16,6
				(porcentraxe de poboación activa; %)					
Taxa de paro									
Total	11,8	12,0	11,7	11,0	11,4	11,2	10,8	10,6	10,9
Homes	10,7	10,9	10,6	10,1	10,1	10,5	9,8	9,8	10,1
Mulleres	12,8	13,2	12,8	12,0	12,9	11,9	11,8	11,5	11,8
Segundo nivel de estudios									
Estudios primarios	30,0	27,5	26,7	24,2	26,4	25,7	20,2	24,1	28,0
ESO. 1ª etapa	16,7	15,9	15,9	13,3	14,2	13,9	12,2	13,0	13,4
ESO. 2ª etapa	15,0	15,5	15,6	12,8	13,4	13,6	12,4	11,8	12,4
Educación superior	8,4	10,2	9,6	8,1	8,0	7,7	8,7	7,8	7,3
Segundo grupos de idade									
Menores de 25 anos	27,8	33,1	32,2	32,5	32,0	34,9	32,5	30,4	28,7
De 25 a 54 anos	11,3	11,7	11,0	10,2	10,7	10,2	9,9	10,1	10,4
Maiores de 55 anos	9,9	8,9	10,0	9,2	9,7	9,8	8,9	8,3	9,0
Segundo nacionalidade									
Española	11,1	11,3	10,7	10,3	10,5	10,6	10,2	10,1	9,7
Estranxeira	23,9	24,6	27,0	21,4	27,3	20,8	19,7	18,0	26,9

Fonte: IGE

Centrándose na análise da poboación parada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 11,8% fronte ao 10,1% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o

Evolución do paro rexistrado en Galicia 2018-2023.



Fonte: IGE


15,1%, 3,6 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (1,7 puntos en Galicia).

En relación ao resto da CC.AA. a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, manténdose o País Vasco (8,4%) como a C.A. con menor desemprego, seguíndolle Aragón cun 8,9%. No que á taxa de paro masculina se refire, Galicia é a oitava comunidade coa taxa de paro máis reducida, aumentando o diferencial respecto á rexistrada en Aragón, a C.A. coa taxa máis reducida (6,7%). Entre as mulleres, Galicia é a sexta C.A. con menor taxa de desemprego, presentando o País Vasco unha taxa inferior ao dez por cento (9,9%). Ao igual que no caso dos homes, aumenta o diferencial respecto á CC.AA. coa taxa máis reducida.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos descende no último ano ata o 28,7%, máis de tres puntos inferior ao estimado no primeiro trimestre de 2022 (32%), mentres que entre as

persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 10,4% (10,7% no ano precedente) e entre os maiores de 55 anos ata o 9% (9,7% en 2022). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro aumenta entre as persoas con estudos primarios (28% no primeiro trimestre do ano fronte ao 26,4% no ano anterior) o que contrasta co descenso estimados nos outros tres grandes grupos. Asemade, esta taxa descende a medida que aumenta o nivel formativo, situándose no 7,3% entre aquelas con educación superior (8% no ano anterior). Por último, a pesar de que a taxa de desemprego descende entre as persoas con nacionalidade española e estranxeira,

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2022



Fonte: IGE

entre estas últimas a taxa de paro sitúase no 26,9% fronte ao 9,7% entre as persoas españolas.

Por último, cómpre facer referencia ao desemprego de longa duración, que tras o incremento experimentado no primeiro trimestre de 2021 por mor do impacto da covid, en 2023 continúa o descenso estimado no ano anterior. No primeiro trimestre de 2023 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 47.700 persoas, 9.500 menos que no mesmo período do ano precedente. Tendo en conta que o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 16,6% respecto ao ano anterior e o paro total o fai nun 4,2%, o seu peso relativo no paro total galego descende ata o 35,3%, porcentaxe similar ao existente no primeiro trimestre de 2021 (40,6% no ano anterior).

O devandito descenso do paro de longa duración non é homoxéneo entre os diferentes grupos de idade e niveis de estudos rematados. Dunha banda, os maiores descensos prodúcense entre as persoas con idades comprendidas entre 25-34 anos (-35,3%; 4.100 persoas menos) e entre 35-44 anos (-30,2%; 3.500 persoas menos), sendo esta caída do 17,1% entre os maiores de 55 anos (2.800 persoas). Por contra, o desemprego aumenta entre as persoas máis novas (600 persoas paradas máis; 28,6%) e entre aquelas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (500 persoas; 3,2%). Doutra banda, o descenso prodúcese tanto entre as persoas con estudos secundarios (primeira etapa) como entre aqueles con estudos superiores (5.800 e 9.000 persoas menos, respectivamente), rexistrándose o incremento máis acusado entre as persoas con estudios primarios ou inferiores, con 2.900 persoas paradas máis (96,7%) fronte aos 2.500 no caso das persoas con estudios secundarios, segunda etapa (18,9%).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


//ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
Casal de Armán
civisglobal
construimos entorno
COREN
CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja
Galuresa
Algo más que gasolineras
HR Hijos de Rivera
Hierros AÑÓN, S.A.
Estrella Galicia
JEALSA
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
reganosa
Rodiñas
Rodman
CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO
Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es